

## De luces e de faros. Dez anos dun suplemento cultural

**Xosé Ramón Pena**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

PENA, XOSÉ RAMÓN (2012 [2012]). “De luces e de faros. Dez anos dun suplemento cultural”. *Faro de Vigo*. “Faro da Cultura”: 414 (10 de maio), 1. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2082>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

PENA, XOSÉ RAMÓN (2012). “De luces e de faros. Dez anos dun suplemento cultural”. *Faro de Vigo*. “Faro da Cultura”: 414 (10 de maio), 1.

\* Edición dispoñíbel desde o 12 de maio de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# Faro da Cultura

O xoves, 9 de maio de 2002, aparecían por vez primeira en FARO DE VIGO as páxinas do suplemento cultural que agora mesmo están a ollar todos Vdes. Contando cos nomes de andains anteriores –en especial aqueles que procedían de “Faro das Letras” (1993–1996)–, pero tamén con outros que entón se incorporaban ao proxecto e aínda, felizmente, con moitos máis que se engadirían ao longo da década, FARO DA CULTURA veu procurando tentar ofrecer semanalmente unha panorámica puntual daquilo que se “move” na cultura galega, mais tamén noutras latitudes, a proxectárense sobre o noso entorno.

Tras as palabras iniciais de saúdo, a primeira entrega do suplemento presentaba un traballo de Moisés R. Barcia sobre a obra de J.R.R. Tolkien, de singular actualidade daquela pola estrea da versión cinematográfica realizada por Peter Jackson; así mesmo, Ramón Nicolás entrevistaba ao director de Edicións Xerais, Manuel Bragado. Manuel Rosales, da súa parte, levaba a cabo unha semblanza da vida e obra de Carlos Casares mentres Xosé Freire –cuxa memoria e afecto permanecen inesquecibles entre todos nós– escribía arredor do percorrido musical de Carlos Núñez. Francisco Martínez Bouzas, Román Raña, Joaquim Ventura, Carlos Bernárdez, M. Blanco Rivas, María Navarro, Domingo Tabuyo e Estro Montaña completaban a nómina de colaboradores.

Os obxectivos de FARO DA CULTURA eran, e seguen a ser, fundamentalmente dous: dunha parte, dar noticia –e/ou reflexionar sobre ela– daquilo que se produce na literatura, na arte, no espazo audiovisual, na historia, na música... de Galicia; asemade, doutra, procurar iso mesmo con respecto ás novidades que teñen lugar en espazos universais, mais que por tal feito –por formar parte o noso país de dita universalidade– han de ter

cumprida acollida e/ou repercusión na nosa latitude. Han de ser sempre os lectores –para eles vaía sempre todo o noso agradecemento– quen xulgue se fomos capaces de atinxir minimamente os afáns deseñados; pola nosa parte, prestando especial atención arreo ás críticas

que nos fixeron e nos fan chegar, moi conscientes dos recursos cos que contamos, consideramos que algo si que fomos quen de aportar en todo este tempo. Trátase dunha perspectiva que nos produce ledicia, mais que tamén esixe maior dedicación e empeño futuros.

O século XXI iniciouse con moitas ilusións para o eido cultural galego. A difícil xeira que estamos a atravesar ben pode determinar que algúns consideren que a cultura do país atravesara agora mesmo un momento de desconcertante retroceso. No noso entender, porén, se negáramos en ningún momento as enormes dificultades que nos rodean e, así mesmo, sen pretender optimismos voluntaristas estériles, consideramos que unha ollada ao que había hai dez anos e, ao tempo, tamén a aquilo que se foi acadando, demostra ás claras que o mundo cultural de noso gañou tanto na pluralidade como na calidade media dos seus produtos. Coidamos que, nas súas posibilidades, as páxinas de FARO DA CULTURA veñen dar testemuña puntual dese avance: así, desde un tempo pretérito marcado case en exclusiva pola actividade literaria, viñemos dar nestoutro presente no que a arte, o audiovisual, a banda deseñada, a música... feitos en Galicia deviron unha feliz realidade cotiá. De certo que aqueles que teñen os medios para propiciar, favorecer... deberían tomar cumprida nota desa proxección e, claro é, actuar en consecuencia. Ao cabo, investir na cultura deste país non supón un luxo e/ou un pasatempo; antes ben, supón unha acertada medida que garantiza a riqueza: a riqueza inmaterial; pero tamén a riqueza socio-económica para o conxunto da comunidade.

Oxalá que FARO DA CULTURA –e outras iniciativas semellantes– poidan continuar a dar noticia dos avances conformados en dirección cara a ese mellor futuro.



## De luces e de faros

Dez anos dun suplemento cultural

XOSÉ RAMÓN PENA

ARTE: “BESTIARIO, FÓRA A ALMA”, DE LUÍS SEOANE / PÁX. IV

ENTREVISTA CO DIRECTOR DOS PREMIOS OPINIÓN, ÓSCAR LOSADA / PÁX. V

MÚSICA: O REXURDIMENTO DO CANTO TABERNARIO / PÁX. VIII